


34 Carreira Pedestre Popular de Santiago

elCorreoGallego



DATA: 30 de outubro de 2011
LUGAR: Santiago de Compostela
SAÍDA: Avda. Xoán XXIII
(10:00 h. adultos, 11:30 h. escolares)
CHEGADA: Praza do Obradoiro
<http://carrera.elcorreogallego.es>



A XXXIV Carreira Pedestre Popular de Santiago, organizada polo GRUPO CORREO GALLEGO, celebrarase o domingo, día 30 de outubro de 2011, ás 10.00 da mañá. A proba será suxeita ó seguinte

REGULAMENTO XERAL

1º A saída darase na Avenida Xoán XXIII, ás 10.00 horas. A chegada situarase na Praza do Obradoiro. Poderán participar tanto atletas federados como non federados. De acordo co disposto no artigo 3.4 do regulamento de competicións autonómicas de ruta, pista e campo a través: **Non se autorizará a participación de corredores estranxeiros que non teñan licenza da FGA, excepto os atletas portugueses que non foran internacionais co seu país nos últimos cinco anos en proba similar. Os corredores extranxeiros que residan oficialmente en Galicia ou teñan permiso de traballo, sí poderán participar.**

Aqueles atletas que a sabendas da súa imposibilidade de participar na proba, proporcionen datos falsos, serán descalificados.

A Organización resérvase o dereito a rexeitar a inscrición dos corredores federados de outras federacións autonómicas que excedan o límite fixado pola RFEA para competicións de ámbito autonómico.

- 2º** Os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.
- 3º** O percorrido será de 12 quilómetros e discorrerá a través das rúas seguintes: Avenida Xoán XXIII, San Caetano, Camiño do Francés, Fontiñas, Concheiros, Rúa de San Pedro, Porta do Camiño, Virxe da Cerca, Fonte de S. Antonio, Praza de Galicia, Rúa

Dr. Teixeira, Praza do Dr. Puente Castro, Rúa da Rosa, Santiago de Chile, Praza de Vigo, Rosalía de Castro, Avda. da Coruña, Avda. das Ciencias, Avda do Dr. Novoa Santos, Avda. das Burgas, Avda. de Compostela, Rúa do Cruceiro do Galo, Rúa Galeras, Santa Isabel, Vista Alegre, Avda. do Burgo, Avda. Castela, San Caetano, Basquiños, San Roque, Algalia de Arriba, Praza de Cervantes, Preguntoiro, Rúa do Castro, Praza da Universidade, Praza de Mazarelos, Cardenal Payá, Orfas, Tournal, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, Fonseca e Praza do Obradoiro.

- 4º** A clasificación será absoluta e por categorías.
- 5º** A Organización contará coa axuda dos organismos oficiais competentes que regularán o tráfico ó longo de todo o percorrido.
- 6º** A carreira estará controlada ó longo de TODO o percorrido a través dun chip desbotable que se lle entregará a cada corredor e que deberá entrelazalo no cordón dunha das súas zapatillas antes da saída.
- 7º** Os corredores levarán durante toda a carreira o chip e o dorsal colocado no peito de forma visible, sen cortes nin dobreces. Aqueles que cheguen á meta sen algún deles, serán descalificados.
- 8º** O percorrido estará sinalizado en cada quilómetro.
- 9º** O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE UNHA HORA DESPOIS DE QUE ENTRE NA META O PRIMEIRO ATLETA CLASIFICADO.
- 10º** A Carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.



DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Divina  Pastora

11º O custo da inscrición xeral é de cinco euros, excepto os que teñan chip de Championchip en propiedade, que aboarán tres euros. Este importe farase efectivo no momento de inscribirse mediante calquera tarxeta de crédito, e realizarase nos prazos seguintes:

* ON LINE a través de <http://carrera.elcorreo-gallego.es> dende o mércores, día 5 de outubro, ata o mércores, día 26 de outubro, ás 21.00 horas, seguindo as instrucións que figuran nesta páxina.

* Tamén se poderán formalizar as inscricións, dende o día 13 ata o día 26 de outubro, ás 21.00 h, no CENTRO COMERCIAL COMPOSTELA (El Corte Inglés – Hipercor de Santiago). Aquí poderase realizar o pago en efectivo ou coa tarxeta de compra El Corte Inglés.

* Os corredores que se inscriban antes do luns, día 24, poden optar por personalizar os seus dorsais, co seu nome ou Nick.

* Os que queiran retirar os dorsais en grupo deberán inscribirse a través da súa conta club de Championship Norte e marcar a opción de recollida colectiva.

Tras a formalización da inscrición nos prazos establecidos, poderanse recoller os dorsais e chips no Centro Comercial Compostela, o venres, día 28, e o sábado, día 29, dende as 10.30 ata as 22.00 h.

O domingo, día 30, dende as 8.00 ata as 9.00 h, poderanse recoller os dorsais e chips na Praza do Obradoiro.

NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FÓRA DESTES PRAZOS.

Os datos obrigatorios para inscribirse son:

* Nome, apelidos, n.º DNI ou pasaporte, data de nacemento completa, n.º de licenza federativa (só para os federados), sexo, lugar de nacemento, enderezo e teléfono, ademais os na-

cidos en Galicia deberán marcar esta opción para entrar na clasificación de premios desta modalidade. O SISTEMA REXEITARÁ AS INSCRICIÓN S ÁS QUE LLES FALTE ALGÚN DESTES DATOS.

Todos aqueles atletas que se inscriban no Centro Comercial Compostela de forma individual, nos prazos establecidos, recibirán un resguardo para o sorteo de agasallos, e os resultados publicaranse no xornal EL CORREO GALLEGO.

NON SE ACEPTARÁN INSCRICIÓN S POR TELÉFONO

12º Establécense as seguintes categorías segundo o ano de nacemento:

MULLERES:

- E) Entre 1989 e 1994
- F) Entre 1981 e 1988
- G) Entre 1971 e 1980
- H) Entre 1966 e 1970
- I) En 1965 ou antes

HOMES:

- J) Entre 1989 e 1994
- K) Entre 1981 e 1988
- L) Entre 1971 e 1980
- M) Entre 1961 e 1970
- N) Entre 1951 e 1960
- O) En 1950 ou antes

13º Establécense os seguintes premios:

13.1 MULLERES.

- 1ª Clasificada: Trofeo de Prata e 1.200 €
- 2ª Clasificada: Trofeo de Prata e 1.000 €
- 3ª Clasificada: Trofeo de Prata e 800 €
- 4ª Clasificada: Trofeo de Prata e 600 €
- 5ª Clasificada: Trofeo de Prata e 500 €, Da 6ª á 10ª clasificadas: 250 €

Trofeo á Primeira clasificada das cinco categorías establecidas, exceptuando as cinco primeiras.



600, 400 e 300 euros, ás tres primeiras nadas en Galicia, e trofeo, para a primeira.

13.2 HOMES.

1º Clasificado: Trofeo de Prata e 1.200 €

2º Clasificado: Trofeo de Prata e 1.000 €

3º Clasificado: Trofeo de Prata e 800 €

4º Clasificado: Trofeo de Prata e 600 €

5º Clasificado: Trofeo de Prata e 500 €

Do 6º ó 10º clasificados: 250 €

Do 11º ó 15º clasificados: 200 €

Do 16º ó 20º clasificados: 150 €

Trofeo ó Primeiro clasificado das seis categorías establecidas, exceptuando os cinco primeiros.

600, 400 e 300 euros, ós tres primeiros nados en Galicia, e trofeo, para o primeiro.

Para acceder ós premios dos galegos, que se establecerá exclusivamente polo lugar de nacemento, á hora de inscribirse deberán marcar a cuadrícula correspondente.

NOTAS: En ningún caso un mesmo atleta poderá recibir dous premios en metálico, recibirá unicamente o de maior contía. Sí recibirán os trofeos correspondentes.

Os premios en metálico seranlle aboados ós atletas despois de recolleren os trofeos no po-

dio, que terá lugar ás 12.30 horas, na Praza do Obradoiro.

OS ATLETAS QUE OBTENAN ALGÚN PREMIO DEBERÁN ACREDITARSE CO D.N.I. OU PASAPORTE.

14º AGASALLOS.

Xunto co dorsal e o chip, entregaráselles unha camiseta a TODOS os corredores inscritos, que se lle recomenda a leven posta durante toda a carreira. Os que entren na meta co control aberto recibirán unha medalla.

15º NON SERÁ NECESARIO DEVOLVER OS CHIPS.

16º TODOS os corredores oficialmente inscritos terán un seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

17º Os corredores poderán dispoñer de duchas no Pavillón de Santa Isabel, sito en Galeras (á altura do km 4 da carreira), e no de Lorenzo La Torre, 50 m da saída.

18º O feito de inscribirse nesta carreira implica a aceptación deste regulamento e dá-lle dereito á organización a poder facer uso das imaxes do evento.

NOTA INFORMATIVA: De acordo coa LOPD, todos os corredores, incluídos os escolares, poderán autorizar ou ben negar, marcando a cuadrícula que para tales efectos figurará ó inscribirse, a cesión dos seus datos ó organizador desta competición e ó patrocinador Divina Pastora, co obxecto de que lle remitan a información sobre as súas actividades e/ou produtos. En relación co patrocinador, vostede ten dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na lexislación vixente, a través de escrito dirixido a Divina Pastora, rúa Colón, 74. 46004 Valencia coa referencia "protección datos personales"



CENTRO COMERCIAL
COMPOSTELA



Dirección inscricións: C/. Restollal, 50 - Sótano 1 - Santiago

REGULAMENTO PARA A CATEGORÍA ESCOLAR

A XXXIV Carreira Pedestre Popular de Santiago, na súa categoría escolar, terá lugar o día 30 de outubro de 2011.

1º A saída estará situada na Avda. de Xoán XXIII, ás 11.30 horas, e a chegada, na Praza do Obradoiro, cun percorrido de sete quilómetros.

2º Os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.

3º Esta categoría está reservada para todos os escolares nados entre 1995 e 2001.

4º O percorrido será de sete quilómetros, e discurrirá a través das rúas seguintes: Avenida Xoán XXIII, San Caetano, Basquiños, Santa Clara, San Roque, Rodas, Virxe da Cerca, Fonte de San Antonio, Praza de Galicia, Senra, Campo da Estrela, Porta Faxeira, Pombal, Galeras, Santa Isabel, Vista Alegre, Avda. do Burgo, Avda. de Castelao, San Caetano, Basquiños, San Roque, Algalia de Arriba, Cervantes, Preguntoiro, Rúa do Castro, Praza da Universidade, Praza de Mazarelos, Cardenal Payá, Orfas, Toural, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, Fonseca e Praza do Obradoiro.

5º Esta carreira será controlada por chips electrónicos desbotables. Para o que cada escolar recibirá, tras a súa inscrición no seu centro escolar, un dorsal e un chip, que é persoal e intransferible, e que deberá entrelazalo nunha das súas zapatillas.

Os corredores levarán durante toda a carreira o chip e o dorsal (colocado no peito sin dobreces). Aqueles que cheguen á meta sen ningún deles, serán descalificados.

NINGÚN CORREDOR SE PODERÁ INSCRIBIR MÁIS DUNHA VEZ.

Cada centro poderá inscribir a todos os escolares que desexe.

6º Nesta carreira estableceranse dúas categorías: unha individual e outra por centros de ensino.

7º A categoría individual subdivídese en:

A) Escolares femininas nadas entre 1998 e 2001

B) Escolares femininas nadas entre 1995 e 1997

C) Escolares masculinos nados entre 1998 e 2001

D) Escolares masculinos nados entre 1995 e 1997

8º Para as clasificacións por centros de ensinanza teranse en conta o posto obtido polos primeiros QUINCE corredores de cada colexio, independentemente da categoría individual á que pertencen.

9º Concederanse os seguintes premios, tanto na categoría individual como por colexios.

* Trofeos ós cinco primeiros escolares de cada categoría individual.

* Placa conmemorativa ós cinco primeiros centros clasificados.

* Medalla a TODOS os escolares que entren na meta co control aberto.

* Diploma a todos os centros participantes, independentemente do número de alumnos que inscriban.

10º Recibirán premios en metálico os tres primeiros centros escolares clasificados, a razón de 400 para o primeiro; 300 para o segundo; e 200, para o terceiro.

11º Entre todos os escolares que entren na liña de meta co control aberto sortearanse importantes regalos. Todos os colexios ou institutos participantes, aínda que non puntuen, entrarán nun sorteo de varios agasallos.

12º A Organización aboarálles os gastos de desprazamento ós centros clasificados que estean a unha distancia superior ós 15 km de Santiago, a razón dun euro por quilómetro.

13º As inscricións por colexios realizaranse dende o mércores, día 5 de outubro, no soto 1 do CENTRO COMERCIAL COMPOSTELA, de 10.00 a 22.00 h, e finalizará, o **martes, 25 de outubro**, ás 21.00 horas. Utilizaranse as follas de inscrición en formato excell que as facilitará a organización, onde se fará constar ademais dos datos completos do colexio e o nome do profesor responsable,o

nome e os dous apelidos de cada corredor, así como a data completa de nacemento, e o sexo de cada alumno (marcaranse cunha 'F' os da categoría feminina, e cunha 'M' os da categoría masculina). Deberanse entregar, dentro dos prazos indicados, en soporte informático (cd ou cun pen drive), ou ben a través do e-mail en formato EXCELL: carrera@elcorreogallego.es.

As inscricións individuais poderanse formalizar, unha vez finalizado o prazo de inscrición por colexios, SÓ O MERCORES, DÍA 26, dende as 10.00 ata as 20.00 h, sempre e cando non estean inscritos a través de ningún colexio. Deberán estar asinadas polos pais ou titores. O sistema rexeitará calquera inscrición duplicada.


Os responsables de colexios deberán recoller

os dorsais e chips no Centro Comercial Compostela entre o xoves, día 27, e o sábado, día 29 de outubro. Os individuais poderán recollelos ata o domingo, día 30, nos mesmos horarios que o establecido no regulamento xeral.

14º SERÁ NECESARIO ACREDITAR A IDADE PARA ACCEDER ÓS PREMIOS.

15º O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE UNHA HORA DESPOIS DE QUE ENTRE NA META O PRIMEIRO CORREDOR DE CATEGORÍA ESCOLAR CLASIFICADO.

16º A carreira pedestre para centros de ensinanza, salvo o especificado por este regulamento, rexerá polo xeral da XXXIV Carreira Pedestre.



XXXIV CARREIRA PEDESTRE POPULAR EL CORREO GALLEGO 2011



galicia

